

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CBIMP11	Peiteado e estética	Ciclos formativos de grao básico	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP3062	Depilación mecánica e descoloración da peluxe superflua	2023/2024	4	117	140

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	ÁNGELA FERRAL GIL
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

Esta programación contextualízase no IES Johan Carballeira, situado nunha área de influencia que abrangue a zona do Morrazo, Cangas e Bueu. O ámbito produtivo do/a profesional básico en Peiteado e Estética, céntrase maioritariamente na contratación por conta allea na pequena e mediana empresa, baixo a supervisión do persoal técnico responsable. Ou de profesionais que de xeito autónomo poden realizar servizos básicos de peiteado, manicura e pedicura, depilación e maquillaxe.

Esta programación adaptase a un sector produtivo, facilitando a inserción laboral do alumnado, sendo as súas ocupacións e postos de traballo máis relevantes:

- Auxiliar de peiteado.
- Axudante/a de manicura e pedicura.
- Axudante/a de maquillaxe.
- Auxiliar de depilación.

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Preparación de equipamentos	Nesta UD, aprenderase a preparación dos equipos, utensilios e normas de seguridade e hixiene nos procesos de depilación.	15	15
2	O pelo	Nesta UD, aprenderanse as características, morfoloxía e fisioloxía do pelo.	30	25
3	Cosméticos e técnicas de depilación mecánica	Nesta UD, aprenderanse os cosméticos e a aplicar as diferentes técnicas de depilación mecánica.	75	40
4	Decoloración da peluxe	Nesta UD, aprenderase os cosméticos de decoloración e técnicas empregadas no proceso.	20	20

4. Por cada unidade didáctica

4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Preparación de equipamentos	15

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Prepara equipamentos, utensilios e produtos de depilación e descoloración, e recoñece as súas características e as súas aplicacións	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Descríbiuse o procedemento de limpeza do material e dos aparellos
CA2.2 Preparáronse equipamentos, utensilios e produtos aplicando técnicas de hixiene e desinfección necesarias
CA2.3 Identifícaronse os utensilios necesarios e ordenáronse correctamente
CA2.4 Explicáronse correctamente o método de preparación e as precaucións dos produtos descolorantes da peluxe
CA2.5 Revisáronse os aparellos, comprobando o uso correcto de termóstatos e o estado das conexións á rede
CA2.6 Seleccionáronse e preparáronse os aparellos utilizados na depilación de cera quente e morna en condicións adecuadas para a súa utilización e o seu mantemento
CA2.7 Identifícaronse as características de cada tipo de cera
CA2.8 Descríbiuse o uso axeitado de cada tipo de cera e a súa técnica de aplicación
CA2.9 Recoñecéronse os perigos asociados ás actividades con aparellos eléctricos
CA2.10 Aplicáronse as medidas de prevención de riscos laborais e ambientais requiridas
CA2.11 Aplicáronse as normas de seguridade na manipulación dos aparellos eléctricos

4.1.e) Contidos

Contidos
Características fundamentais dos utensilios e dos aparellos para a depilación mecánica e descoloración da peluxe.

Contidos
Cosméticos para a depilación mecánica e a descoloración da peluxe. Conservación e mantemento dos cosméticos. Equipamentos, utensilios e aparellos para a depilación mecánica: tipos. Normas para o uso dos utensilios e dos aparellos de depilación mecánica. Accidentes máis comúns. Procedementos de hixiene e desinfección de aparellos e utensilios. Medidas de prevención de riscos laborais e ambientais aplicables.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	O pelo	30

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Observa as características do pelo e da zona que se vaia tratar, en relación coas técnicas que se poden empregar	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Descríbiuse a morfoloxía do pelo
CA1.2 Indicáronse as fases do ciclo piloso
CA1.3 Descríbense os factores que poden influír no crecemento da peluxe
CA1.4 Descríbense os efectos da depilación mecánica e da descoloración da peluxe
CA1.5 Relaciónáronse as características da peluxe e da zona que se vaia depilar, para seleccionar a técnica máis adecuada

Criterios de avaliación
CA1.6 Xustificáronse as causas que determinan a elección da técnica de descoloración e/ou de depilación mecánica
CA1.7 Cubriuse a ficha técnica do servizo baixo supervisión do persoal técnico
CA1.8 Formuláronse preguntas que permitan detectar as demandas e as necesidades que debe cubrir o servizo, baixo a supervisión do persoal técnico responsable
CA1.9 Descríbense as vantaxes e os inconvenientes dos produtos depilatorios segundo a súa temperatura de aplicación
CA1.10 Defínense as precaucións e as contraindicacións no uso adecuado da técnica de descoloración e de depilación segundo as características da peluxe
CA1.11 Expuxéronse os criterios para derivar o/a cliente a diferentes profesionais

4.2.e) Contidos

Contidos
<p>O pelo: características e morfoloxía.</p> <p>Ficha técnica: pautas de formalización.</p> <p>Fisioloxía do pelo: ciclo piloso.</p> <p>Diferenzas entre depilación e epilación.</p> <p>Técnicas depilatorias temporais: químicas e físicas.</p> <p>Descoloración: produtos descolorantes; mecanismo de acción.</p> <p>Lesións cutáneas relacionadas coa depilación e/ou a descoloración. Derivación da clientela a diferentes profesionais.</p> <p>Ceras quentes, tibias e frías: composición, indicacións, contraindicacións, e vantaxes e inconvenientes do seu uso.</p> <p>Criterios de selección da técnica depilatoria.</p> <p>Procedemento de aplicación. Normas de seguridade e hixiene nos procesos de depilación con cera quente, fría e morna.</p>

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Cosméticos e técnicas de depilación mecánica	75

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Aplica técnicas de depilación mecánica baixo supervisión do persoal técnico responsable	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Aplicáronse as normas de hixiene e imaxe persoal necesarias para a prestación do servizo de depilación mecánica
CA3.2 Preparouse a clientela para o servizo que se vaia realizar, garantindo a súa seguridade
CA3.3 Realizouse o estudo das cellas e executouse destramente a técnica de conformación destas mediante a depilación con pinzas
CA3.4 Preparáronse os utensilios e os materiais necesarios para os procesos de depilación mecánica (espátulas, bandas de papel, luvas, etc.)
CA3.5 Relacionáronse correctamente os cosméticos, o material e os aparellos necesarios para realizar a depilación mecánica seleccionada
CA3.6 Efectuouse a limpeza e a desinfección da zona que se vaia tratar
CA3.7 Preparáronse e revisáronse os aparellos, e se a cera quente ou morna está nas condicións adecuadas para a súa aplicación en procesos de depilación
CA3.8 Aplicáronse as tiras de cera na dirección do crecemento da peluxe, co grosor adecuado, e retiráronse a contrapelo
CA3.9 Retiráronse os restos de peluxe coa axuda de pinzas, e os de cera aplicando os cosméticos específicos adecuados
CA3.10 Aplicáronse os cosméticos axeitados posteriores á depilación
CA3.11 Completouse o proceso nun tempo adecuado

Criterios de avaliación
CA3.12 Realizouse a limpeza dos aparellos cos produtos específicos, respectando as normas de seguridade indicadas por fábrica
CA3.13 Aplicáronse as medidas de seguridade e ambientais requiridas
CA3.14 Elimináronse os residuos conforme a normativa
CA3.15 Formuláronse preguntas que permitan coñecer o grao de satisfacción da clientela

4.3.e) Contidos

Contidos
<p>Hixiene e imaxe persoal do/da profesional: hixiene corporal, cabelo, uñas, accesorios e uniforme.</p> <p>Avaliación do grao de satisfacción da clientela.</p> <p>Recepción e acomodación da clientela. Preparación do/da profesional. Ergonomía.</p> <p>Técnica de estudo das cellas, e depilación e conformación con pinzas.</p> <p>Técnica de depilación con cera quente ou morna, segundo a zona corporal. Depilación facial con cera.</p> <p>Coidados posteriores á depilación: aplicación de cosméticos retardadores do crecemento da peluxe, e de produtos calmantes e hidratantes nos brazos e nas pernas.</p> <p>Fases dun servizo de depilación mecánica: preparación dos medios técnicos e dos cosméticos; preparación da pel; proceso de depilación; coidados posteriores á depilación.</p> <p>Ficha técnica: pautas para a formalización.</p> <p>Pautas xerais para o coidado das zonas depiladas.</p> <p>Medidas de seguridade e ambientais aplicables.</p>

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Decoloración da peluxe	20

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica técnicas de descoloración da peluxe baixo supervisión do persoal técnico responsable	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Realizouse a protección persoal adecuada
CA4.2 Selecionouse e preparouse adecuadamente o material de uso exclusivo para cada cliente/a
CA4.3 Relaciónáronse correctamente os cosméticos e o material necesarios para realizar a técnica de descoloración da peluxe facial e corporal
CA4.4 Preparouse o produto descolorante coa debida precaución, baixo a supervisión do persoal técnico responsable
CA4.5 Efectuouse a limpeza e a desinfección da zona que se vaia tratar
CA4.6 Realizouse a proba de sensibilidade ao produto descolorante, seguindo as indicacións do persoal técnico responsable
CA4.7 Aplicouse o produto con destreza, co grosor adecuado e evitando que pingue, baixo supervisión do persoal técnico responsable
CA4.8 Vixiáronse os tempos de exposición e retiráronse os restos adecuadamente, sen producir alteracións na pel
CA4.9 Aplicáronse coidados posteriores para restituír a emulsión epicutánea
CA4.10 Realizouse a limpeza dos utensilios utilizados respectando as normas de seguridade indicadas por fábrica
CA4.11 Aplicáronse as medidas de seguridade e ambientais requiridas
CA4.12 Realizáronse preguntas tipo que permitan coñecer o grao de satisfacción da clientela, tanto respecto ao resultado do servizo como respecto á atención persoal

4.4.e) Contidos

Contidos
Preparación de área de traballo. Hixiene de equipamentos e utensilios.
Recepción e acomodación da clientela. Preparación do/da profesional. Ergonomía.
Ficha técnica: pautas de formalización.
Proba de sensibilidade.
Fases do procedemento: preparación de materiais, utensilios e cosméticos; preparación da pel; proceso de descoloración; coidados posteriores á descoloración.
Pautas xerais para o coidado da pel despois dun proceso de descoloración.
Medidas de seguridade e ambientais aplicables.
Avaliación do grao de satisfacción da clientela.

5. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

<p><u>_MÍNIMOS EXIXIBLES:</u></p> <p>Os mínimos exixibles serán todos os criterios de avaliación establecidos no currículo vixente e que se tiveron en conta para elaborar esta programación.</p> <p>- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN</p> <p>O desglose da nota será:</p> <p>**30% proba escrita: Con preguntas de carácter teórico (respostas curtas, preguntas a desenvolver e preguntas tipo test) a nota máxima será un 10. Realizará alomenos unha proba teórica en cada trimestre.</p> <p>**70% probas prácticas (taboas de observación): O alumnado realizará prácticas diariamente, que o profesor anotará na táboa de observación, deste modo o profesor valora a calidade dos traballos, o interese polo traballo continuado e poderá corrixir erros.</p> <p>O/a alumno/a deberá realizar obrigatoriamente todas as probas escritas e prácticas, e traballos para obter unha avaliación positiva. Será en función dos pesos dos CA, especificados en cada unidade.</p> <p>Hai CA de contido teórico que se avalían mediante proba escrita (parte teórica) e outros de contidos prácticos que se avalían coas táboas de observación (parte práctica)</p>

Para acadar unha cualificación positiva deberán obter como mínimo un 5 tanto na parte teórica coma na práctica e superar ambas partes.

Se o alumno/a non entregan as actividades teóricas ou parte destas, ou se non fai os traballos prácticos co profesor propón para cada trimestre o alumno quedará automaticamente avaliado cunha cualificación inferior ou suspenderá o trimestre.

Cando se teña constancia de que un alumno/a está copiando, empregando calquera medio ou procedemento, con axuda externa ou dun compañeiro da clase, farase constar no exame e indicárselle que non pode continuar a proba ou traballo práctico de ser o caso, cualificarase a proba ou traballo práctico con un cero. Isto último tamén se terá en conta en caso de ter constancia a posteriori de que copiou ou outro/a compañeira lle realizou o traballo.

-TRATAMENTO DOS DECIMAIS

A cualificación dunha avaliación sempre se fará mediante un número enteiro, motivo polo que os decimais resultantes, se redondearán a alza ou a baixa ó enteiro máis próximo; se equidistara de dous enteiros consecutivos, redondearase ó superior.

-CASO DE NON PRESENTARSE A UN EXAME OU PROBA

Se un alumno non se presenta (sin causa xustificada) a unha proba ou exame, obterá como cualificación na mesma un suspenso. Esta proba (teórica ou práctica) só se lle repetirá, no caso de enfermidade sobrevida e con xustificante médico.

Caso de non presentar en prazo un traballo: Se un alumno nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, contará como non presentado, se é obrigatoro para aprobar, suspenderá a avaliación. O alumno terá que entregar o traballo, se é requisito obrigatoro, aínda que sexa fora de prazo, e teráselle en conta para a recuperación da avaliación, a entrega do traballo será requisito indispensable para poder recuperala.

O alumnado que perdese o dereito á avaliación contínua (supere o 10% de horas de faltas do módulo), por razóns de inasistencia reiterada, terá dereito a realizar unha proba teórico-practica no período de recuperación establecido.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

_Cando algún alumno/a non alcance unha cualificación suficiente en calquera dos conceptos avaliados para os que se considere necesario a súa consecución, estableceranse actividades específicas de

recuperación que realizarán ó longo da seguinte avaliación. Daránselle as orientacións e apoios necesarios para tentar superarla, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os criterios de avaliación asociados.

Estas actividades poden consistir, segundo a natureza dos conceptos, coñecementos e capacidades, en:

- Probas escrita/oral/entrega e exposición de traballos.
- Proba práctica.

Avaliación final ordinaria:

Logo de realizada a 3ª avaliación parcial (que se realizará conxuntamente coa avaliación final ordinaria) consignarase a nota obtida e adicionalmente nesa avaliación o profesor/a determinará se o alumno/a ten superada a totalidade da materia.

Aquel alumnado que non teña superada a materia realizará actividades de apoio, reforzo e recuperación durante o periodo establecido adecuadas para superar as partes onde se teña avaliación negativa. Os criterios de avaliación e cualificación serán os mesmos que os indicados para as tres avaliacións parciais salvo que polas características das actividades de recuperación propostas se designen outras que serán comunicadas ao alumno/a previamente.

Actividades de ampliación, reforzo, profundización e titorización :

O alumnado que supere a materia logo da 3ª avaliación parcial, seguirá acudindo ao centro obrigatoriamente para realizar actividades de reforzo, profundización e titorización consistentes en:

- _Apoiar ao alumnado con partes suspensas segundo instrucións que serán facilitadas polo profesor/a.
- _Realizará un traballo de investigación en grupo aglutinador das capacidades adquiridas, ou actividades de reforzo ou ampliación de contidos.

O/A profesor/a poderá pedirlle ó alumnado que traia modelos reais para a realización dos exames prácticos, así como o seu material en perfectas condicións hixiénicas.

6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua

Na FP Básica, non se contempla a perda de dereito de avaliación continua para o alumnado en idade de escolarización obrigatoria. O alumnado con máis de 16 anos que supere o 10% de faltas injustificadas, perderá o dereito a avaliación continua e polo tanto terán que presentarse e superar unha proba extraordinaria. A data da mesma, será acordada polo equipo directivo, sobre a base dos regulamentos de



organización e funcionamento do mesmo e darase a coñecer ó alumnado con antelación suficiente.

A cualificación final do curso será a media aritmética simple das cualificacións acadadas en cada avaliación tras a cualificación das actividades de reforzo e recuperación realizadas no período asignado.

A proba constará parte teórica y parte práctica.

Na parte práctica a alumna/o deberá desenvolver un supostos prácticos axustado ós contidos mínimos do módulo. Protocolizado e xustificado.

Para a súa realización a alumna/o deberá traer:

Modelos que se adapten as características requiridas para a proba, expostas con anterioridade a realización da mesma, así como o todo o material necesario para a súa realización. Deberá estar perfectamente uniformado/a e protexido/a cos equipos de protección persoal necesarios.

O peso na cualificación será:

-Probas prácticas 70%.

-Probas teóricas 30%.

_Proba teórica/escrita:

Duración 2 horas(pode ser co formato de resposta pechada e elección múltiple, de desenrolo, ou unha combinación de ambas)

Contido da proba: (cuestións sobre os contidos conceptuais)

_Proba práctica: Duración máxima de 3 horas.(terá carácter teórico- práctico)

Preparación dos espazos de traballo, selección: útiles,cosméticos,aparells adecuados, protección do profesional,cliente ... (todo o necesario para realizar o traballo técnico en condicións de seguridade e hixiene idóneas).Ademáis do desenrolo práctico, deberá explicar por escrito antes de realizar os traballos prácticos os pasos que vai a seguir, para que quede constancia escrita dos pasos na execución do traballo.

Será necesario obter unha cualificación mínima de 5 en cada unha das partes para a superación da proba. No caso de que a nota resultante sexa un decimal, redondearase da seguinte forma: se o decimal é inferior a 5, redondearase á baixa, porén se o decimal é superior a 5 redondearase a alta.

Valorarase:

-O grao de coñecemento dos contidos mínimos esixidos.

-A capacidade de razoamento, iniciativa e creatividade na resolución de problemas.

-Normas de protección e hixiene da modelo e da alumna/o.

- A secuenciación e destreza e xustificación de cada fase do proceso

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realízase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademais, en reunión de departamento, o longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso

FICHA MODELO: AUTO-AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN E PRÁCTICA DOCENTE:

Puntos a valorar / valoración: Si \ No \ En parte

- 1.A programación deixa claro os obxectivos máis relevantes.
- 2.A metodoloxía utilizada favorece a participación dos alumnos na clase e é motivadora de futuros aprendizaxes.
- 3.As actividades plantexadas espertan o interese dos alumnos.
- 4.Valoran positivamente os alumnos o seu centro educativo.
- 5.Propoñense actividades que gardan estreita relación coa competencia xeral do ciclo formativo.
6. Aplícanse as medidas de profundización e recuperación previstas na programación.
- 7.Utilizan os alumnos recursos materiais, bibliográficos, TIC o institucionais para a realización dos traballos o para profundizar nos contidos
- 8.Depositan os alumnos a súa confianza no centro en aspectos relacionados coa súa inserción laboral (FCT, bolsa de traballo...)
- 9.Analízanse os resultados da FCT e as indicacións que poidan facer os títulos da empresa e utilízanse para futuras programacións
- 10.Os resultados obtidos están sendo similares a outros grupos do mesmo nivel e o de cursos anteriores
- 11.O clima de aula favorece o desenvolvemento normal da clase.
- 12.Hai canles establecidos para resolver os conflitos cando surden
- 13.Os medios do centro son adecuados para cumprir os obxectivos do noso módulo e están adaptados o tipo de alumnado
- 14.Existe coordinación entre o equipo docente do grupo

Outras Observacións:
Propostas de mellora.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ó comezo das actividades do curso académico, realizarase unha sesión de avaliación inicial, que terá por obxecto, coñecer as características e formación previa do alumnado, así como as súas capacidades e necesidades. Tamén servirá para orientar e situar o/a alumno/a en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión contrastaránse datos aportados por outros docentes.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que se tomen, recolleranse nunha acta, incluíndo especialmente os aspectos referidos á flexibilización das ensinanzas. Esta avaliación inicial, en ningún caso, comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Solicitarase, si é posible, profesorado de apoio con coñecementos técnicos ó Departamento de Orientación.

Realizaranse, na medida do posible, adaptacións na Metodoloxía segundo ás discapacidades que poida presentar o alumnado.

Para recuperar aqueles aspectos que non foron acadados satisfactoriamente polo alumno, plantexaranse actividades extras para compensar as carencias que sexan detectadas, e poder acadar as capacidades terminais elementais, estas actividades serán de carácter práctico e/ou teórico, facilitándolle nas sesións de ensinanza-aprendizaxe concepto de apoio e soporte.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A ensinanza dos valores nunha sociedade democrática, libre, tolerante, plural, etc., continúa sendo unha das finalidades prioritarias da educación, tal e como se pon de manifesto nos obxectivos de todas as etapas educativas e nos específicos de cada unha das áreas de coñecemento.

Partimos dunha tarefa educativa que non só faga boas e bos profesionais, senón persoas con criterios, con análise e visión crítica. Fomentar o respecto, tolerancia, liberdade e igualdade entre as persoas.

É importante promover no alumnado pautas de condutas saudables, a valoración da propia imaxe como parte da personalidade e potenciar e mellorar a autoestima e o autoconcepto

TRATAMENTO DOS TEMAS TRANSVERSAIS

Educación moral e cívica:

- Elaborar de forma autónoma e racional, a través do diálogo cos outros, de principios xerais de valores que axuden a xulgar criticamente a realidade.
- Conseguir que os/as xoves fagan seus todos os tipos de comportamento coherente cos principios e normas construídas.
- Lograr que adquiran normas e valores democráticos e xustos.

Educación para a paz:

- Fomentar os valores de solidariedade, tolerancia, respecto á diversidade e capacidade de diálogo.
- Desenvolver a autonomía e autoafirmación individual.
- Introducir a reflexión sobre distintas formas de violencia.

Educación para a igualdade de oportunidades de ambos sexos:

- Rexeito das desigualdades e discriminacións derivadas da pertenza a un sexo.
- Posibilidade de identificar situacións nas que se produce este tipo de discriminación e de analizar as súas causas.
- Adquisición de formas de comportamento acordes con estes principios.

Educación ambiental:

- Respectar o entorno físico e natural.
- Comprender as actividades humanas e a súa repercusión na natureza.

Educación do consumidor:

- Rexeito ó consumismo e a degradación do medio ambiente.



- Responsabilidade do alumnado como consumidores.
- Desenvolver actitudes críticas fronte ó consumo irresponsable.
- Fomentar o consumo responsable.

Educación para a saúde:

- Desenvolver a capacidade do alumnado para vivir en equilibrio co seu entorno físico, biolóxico e sociocultural.
- Coñecer o seu propio corpo e as formas de mellorar o seu funcionamento.
- Reflexionar sobre as sustancias que perxudican o organismo e adquirir hábitos de saúde axeitados.
- Autotest covid.
- Protocolos do departamanto fronte a covid.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

Asistencia a cursos, demostracións, exposicións, xornadas e congresos profesionais, tanto no centro docente como forá de éste, baixo a coordinación e dirección do departamento de Imaxe Persoal.

10.Outros apartados

10.1) TEMPORALIZACIÓN

O tratarse de avaliación continua e dada a progresión necesaria para o aprendizaxe e destrezas dos contidos, e adaptando a formación á realidade profesional dos contidos deste módulo, favorecendo así a adaptación ao mercado laboral, a temporalización e secuenciación da aprendizaxe non se axustará a orde establecida nas UD.

10.2) MODELOS

Para a realización das prácticas na aula-taller se lle esixirá a todo o alumnado que se poña de modelo para os/as compañeiros/as que lle adxudique o docente

10.3) ACTITUDE DO ALUMNADO

Cando un alumno/a non trate axeitadamente o material de traballo do centro para o uso e na forma indicada pola profesora, deberá traer o seu propio material para a realización das prácticas.

Cando un alumno/a non traia o material persoal ou uniforme indicado pola profesora, non cumpra as normas de hixiene , actitudes correctas, etc. non poderá realizar as prácticas que correspondan a esa xornada, indicándolle a profesora outras tarefas relacionadas có módulo.